

Apellidos

.....

.....

Nome

.....

Data de nacemento

.....

Enderezo

.....

.....

Localidade e código postal

.....

.....

Teléfono

.....

E-mail

.....

Culleredo,.....de. xuño de. 2011

Sinatura

XIV CONCURSO DE PINTURA  
**"Pintor Argüelles"**  
 DOMINGO 19 DE XUÑO 2011  
 XARDÍN BOTÁNICO "RÍA DO BURGO"

Patrocinado por:



Colaboradores:



XIV CONCURSO DE PINTURA  
**"Pintor Argüelles"**  
 DOMINGO 19 DE XUÑO 2011  
 XARDÍN BOTÁNICO "RÍA DO BURGO"





Xulio Fernández Argüelles naceu en Astorga en 1923 e faleceu na Coruña no ano 2002. Mariño mercante moitos anos, impartiría logo clases, como catedrático de Dereito Marítimo, na Escola de Náutica, da que tamén sería Director.

Paralela á súa actividade profesional, a faceta de pintor foi unha constante dende a súa adolescencia. Membro dende 1972 da Real Academia de Belas Artes "Nosa Señora do Rosario", en 1998 será elixido presidente da institución.

Ademais de realizar numerosas exposicións pola xeografía española, recibiu diversos galardóns, como a Insignia de Ouro da Universidade de Santiago, sendo membro de honor de varias Reais Academias (Málaga, Valencia e Zaragoza). A súa obra encóntrase en museos e coleccións tanto públicas como privadas en España e América. Cultivou tamén a escultura, realizando unha serie de decoracións escultóricas na igrexa de Santa Xema.

Dende a primeira edición, celebrada en 1998, Xulio colaborou estreitamente, ata o seu falecemento, con este Concurso de Pintura que leva o seu nome. En setembro de 1999, na Sala de Exposicións "Xosé Rey Lago", realizouse unha importante exposición de pintura dos seus "Retratos imaxinarios". É en moitas ocasións achegábase a visitar as mostras de novos artistas presentadas na Sala.

O Concello de Culleredo agradeceulle o seu cariño e, ademais de continuar coa celebración do Concurso, por acordo da Corporación Municipal dedicóuselle unha rúa no Burgo, para que sempre estea presente na memoria dos cullerdenses.

Pero este Concurso de Pintura ao aire libre non tería razón de ser sen a participación constante, ano tras ano, edición tras edición, de nenos e nenas, de homes e mulleres, dispostos a compartir o amor pola pintura nunha xornada de lecer. Porque ese é o obxectivo fundamental do Concurso, propiciar un espazo de encontro, ser un día de festa artística, ser canle de difusión dunha das Belas Artes, a Pintura, tarefa na que o Concello de Culleredo dende hai moitos anos está empeñado.

Celestino Poza Domínguez  
Concelleiro de Cultura

# B A S E S

1- Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, dentro das categorías correspondentes:

- A ata 10 anos
- B ata 15 anos
- C dende 16 anos

2- O concurso celebrarase o domingo 19 de xuño do 2010, de 9:00 a 14:00 h., sendo a tema libre e poidendo realizarse en calquera técnica: óleo, acrílico, lapis, acuarela, etc... Sendo o lugar de celebración o interior do Xardín Botánico "Ría do Burgo".

3- A organización poñerá a disposición dos concursantes infantís, material básico de debuxo. Cada concursante deberá acceder co seu propio material, así como as teas ou soporte elixido, que será selado e numerado pola organización antes da realización do traballo. Poidéndose presentar un só traballo

4- Os traballos deberán ser entregados antes das 14:00 horas do día 19 de xuño na Aula da Natureza do Xardín Botánico "Ría do Burgo".

5- Premios: Cada categoría estará dotada, ao menos con tres premios. Nas dúas primeiras categorías (A e B) consistirán en bicicletas donadas polo Corte Inglés e Gadisa. O resto, material artístico ou libros.

Adultos:

- 1º Premio: 1000 euros máis grabado de Xulio Fernández Argüelles.
- 2º Premio: 500 euros máis material artístico.
- 3º Premio: Material artístico.

O Xurado poderá conceder accesits si o considera oportuno.

6- As inscricións poderán realizarse con anterioridade á celebración do concurso no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo, na Concellería de Cultura de Culleredo, por teléfono no 981 665 597, por fax no 981 661 748 ou por e-mail: [servizosmultiples@gmail.com](mailto:servizosmultiples@gmail.com)  
No curruncho do pintor do Corte inglés ou o mesmo día do concurso no Xardín Botánico "Ría do Burgo" (O Burgo -Culleredo)

7- O xurado cualificador está presidido por un membro da familia Argüelles e formado por personalidades relacionadas co mundo da Arte e a cultura. O seu fallo será inapelable.

8- A entrega de premios realizarase durante o acto de clausura da exposición dos traballos na Aula da Natureza do Xardín Botánico "Ría do Burgo" o xoves 30 de xuño ás 20:30 h. (confirmar)

9- As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Culleredo. As restantes poderán ser retiradas, previa acreditación, durante o mes seguinte á clausura da exposición, entendendo que de non ser retiradas neste prazo renuncian á propiedade das mesmas.

10- A participación no concurso implica a total aceptación das presentes bases.